

Discurso, poder e acceso

Teun A. van Dijk

A Trabe de Ouro (Santiago de Compostela), Tomo IV, 1993, pp. 523-546.

cuestións

DISCURSO, PODER E ACCESO

T e u n A . v a n D i j k
(Traducción: Manuel Outeiriño)

Un dos cometidos principais da análise crítica do discurso é a descrición das relacións entre o discurso e o poder social. Máis concretamente, tal análise debería describir e explicar como é que se exerce o abuso de poder, como é que se reproduce ou lexitima por medio do texto e da fala dos grupos ou das institucións dominantes. No marco de tal descrición dos abusos do poder social por mediación do discurso, este artigo céntrase nunha dimensión de tal dominio, a dos modelos de acceso.

Unha análise crítica das condicións de acceso á comunicación e ó discurso público presupón unha análise dos efectos políticos, socioculturais e económicos do dominio. Este artigo só ofrece un sumario sucinto e sesgado de tal marca conceptual de máis amplitude. Prescínlese da discusión detallada de moitas complexidades teóricas e filosóficas, os presupostos principais de tal marco de traballo son, por exemplo, os seguintes

(para máis detalles, véxase, por exemplo, Clegg, 1989; Lukes, 1974, 1986; Wrong, 1979):

(a) É relevante para o estudo das relacións entre discurso e dominio o concepto de *poder social*, quere dicir, o poder que exercen grupos e institucións. O poder dos individuos, en tal descrición, reflecte o poder que dimana da condición de membro de grupos dominantes, ou da posición social ben e, xa que logo, pódesele chamar «social». Por outra banda, o poder persoal, quere dicir, o debido a características de persoalidade, explica diferencias particulares e variacións no exercicio do poder social tal e como se dá na interacción cotiá. Neste artigo, só vou tratar do poder social.

(b) O poder social defínese aquí coa noción fundamental de *control*. Os grupos, as institucións ou os seus membros teñen ou exercen poder cando controlan ou teñen a capacidade de controla-las mentes ou as accións doutros. Tal control implica limitacións da liberdade ou da independencia doutros, que xa non son libres de pensar nin de face--lo que queren —nin de pensa-lo que farían— sen tal control.

(c) Máis concretamente: dise aquí que os grupos *dominan* outros grupos se teñen poder social sobre eles e se abusan de tal poder no seu propio interese e contra os intereses dos grupos ós que controlan. O «abuso» pode logo definirse como unha creba das leis, regras, normas, principios ou acordos que regulan as accións e interaccións sociais aceptables.

(d) O poder social fundaméntase en recursos socialmente valorados, ou nun acceso especial a tales recursos, como son os casos da forza, da riqueza, dos ingresos, da posición social, do *status*, dos privilexios, do saber ou da educación. Un dos obxectivos do dominio é prohibir ou limita-la igualdade de acceso ós devanditos recursos (atendendo ós propios intereses).

(e) O poder social e o dominio teñen moitas *modalidades* de control social. A limitación da liberdade e do acceso os recursos sociais pode aplicarse de xeito primario ás *accións* (ou ós membros) dos grupos dominados. Un xeito elemental é usa-la forza para obrigar a actuar dun xeito específico ou precaver de facelo, como é o caso das actuacións das forzas quer militares quer policiais ou do sometemento forzado das mulleres polos homes e dos nenos polos adultos. Con todo, máis pertinentes (para a nosa crítica) cá devandita modalidade de poder coercitivo son os xeitos de dominio máis complexos e «modernos», quere dicir, os que controlan as *mentes* dos outros, isto é, o poder persuasivo. As accións adoitan analizarse a xeito de combinacións de intencións (mentais) e de actividades (manifestas), e enténdese que ó influencia-las intencións dos actores podemos controlar indirectamente as súas accións. Aínda máis indirecto, pero posiblemente máis efectivo, é o control doutras estruturas mentais que guían a formación de tales intencións, como é o caso do coñecemento, das crenas, das actitudes, das normas, dos valores ou das ideoloxías. En tal caso, outros poden actuar a prol do grupo dominantes levados aparentemente pola súa propia vontade. De ter éxito tales formas de control, o dominio califícase adoito de *hexemonía* (Gramsci, 1971).

(f) O poder social e mailo dominio non son relacións ad hoc entre grupos, senón formas sistemáticas de exerce-lo control en moitas situacións sociais, ou en todas. Todo control sistemático pode levarse a cabo con éxito só por procesos de *institucio-*

nalización e de reprodución. Os grupos dominantes crearán logo, ou manterán, as condicións estruturais de reprodución do dominio, pomos por caso, por medio da militarización e do dominio policial, dunha banda, e, por outra banda, por medio da lexislación dos tribunais ou dos procedementos burocráticos. Para o caso concreto da reprodución do dominio persuasivo ou hexemonía, os grupos dominantes han tentar controla-los medios de produción «simbólica», como son o sistema educativo e os medios de comunicación.

(g) O poder e o dominio poucas veces son absolutos ou completos. Poden limitarse a campos e situacións especiais, como é o caso da lei e da orde (a policía, os tribunais), da educación (os profesores), ou da economía (os negociantes, os xerentes). Igualmente, o poder e mailo dominio poden ter máis ou menos alcance, quere dicir, abranguen máis ou menos (membros de) grupos distintos. Neste senso, a proxección do poder (persuasivo) das escolas ou dos medios de comunicación de masas é máis grande có dun grupo de empresas (de non ser que o grupo de empresas controle tamén algún medio de comunicación). Ademais, o control pode ser máis ou menos efectivo, segundo afecte á xente con máis ou menos gravidade, quere dicir, con consecuencias máis ou menos duradeiras ou serias.

(h) As varias limitacións do poder que indicamos tamén implican que a relación de dominio non é absoluta senón *gradual*. En teoría, canto menos poder ten un grupo dominante, máis poder teñen os grupos dominados. Tamén é de esperar que os grupos dominados *resistan* o dominio, quere dicir, tenten conseguir máis poder aumentando o seu acceso ós recursos socialmente valorados. Os grupos dominantes e as institucións poden *compartir* poder, ou apoiarse mutuamente no exercicio do poder.

As devanditas son algunhas das dimensións definitorias do poder e do dominio que teñen relevancia para a nosa análise da función do discurso na reprodución do poder. Nótese aínda que cada un dos conceptos presentados «cobre» un marco conceptual de traballo vasto e todos e cada un dos devanditos conceptos caracterízanse por complexidades que exceden as miras deste artigo.

1. DOMINIO, COGNICIÓN E DISCURSO

Definímo-lo dominio persuasivo como o control da mente. Por máis que a xente poida cambia-los seus pensamentos segundo os desexos ou intereses de outros ó observaren as súas accións (por exemplo, no caso das ameazas non verbais), ó ver ilustracións, ou por causa doutras formas de acción e interacción non verbal, cambia-los pensamentos doutros fundaméntase moito no discurso e na comunicación. O exercicio do poder máis ou menos inmediato a través de actos de fala directores, como é o caso de instrucións, ordes, recomendacións, advertencias ou ameazas, só é o exemplo máis obvio desta función do discurso no exercicio do dominio.

Modifica-los pensamentos permanentes de outros é o cometido primordial do discurso e da comunicación. Nuns termos un pouco máis técnicos isto significa que as estruturas e as estratexias cognitivas vense afectadas polo texto e pola fala ou, máis ben,

polos procesos implicados na comprensión e memorización do discurso (van Dijk & Kintsch, W., 1983). Xa que logo, os modelos mentais de acontecementos ou situacións, as representacións do coñecemento tales como os guións, as opinións ou actitudes e outras cognicións sociais poden formarse e transformarse baixo a influencia (indirecta) de varias características do discurso: a pronunciación e a entoación, a orde sintáctica das palabras, o estilo léxico, o significado e a coherencia, os esquema textual ou as formas de diálogo (tales coma a narración ou a argumentación), as figuras retóricas, as argucias dialécticas, ou a natureza dos actos de fala, entre outras.

Un dos complicados cometidos dos estudos da análise do discurso é enunciarse tales «influencias», por exemplo, cales destas ou doutras características do texto ou da fala se usan especificamente ou de xeito preferente na formación de modelos de acontecementos sociais ou de situacións. Pois logo, escoitar ou ler verbo dos disturbios de Los Angeles da primavera de 1992 pode levar a un modelo que ou define a situación como unha forma quer de «revolta social» quer de «protesta» ou como unha forma de «infracción da lei» ou de «crime negro», segundo a semántica, as estruturas de relevancia e o estilo dos relatos xornalísticos. Obviamente, os modelos mentais que representan tales «definicións» non van depender unicamente das características estruturais das noticias que tratan dos tales acontecementos, senón tamén, aínda que non en principio, de modelos xa presentes, do coñecemento, das actitudes e das normas e valores da audiencia, que probablemente inciden opinións prexuízosos verbo dos afro-americanos.

Exerce-lo dominio persuasivo ou hexemonía, logo, implica representacións cognitivas moi complexas e estratexias para a activación, formación, almacenamento, cambio e uso de tales representacións. Vimos que, para que tales cousas influan na acción, primeiro cómpre influír nas intencións, que poden conceptualizarse dun xeito conveniente como modelos de futuras accións (propias). Controla-las accións, logo, implica controla-los modelos mentais, dos que a formación ou cambio é o resultado da fala e do texto, igual cás cognicións sociais inherentes. Logo, de se-los grupos dominantes capaces de influír na formación de coñecementos ou crenzas, a través dos medios de comunicación de masas, por exemplo, ou por medio da escolarización, poden controlar indirectamente a formación de modelos (e, xa que logo, das intencións) que derivan de tales coñecementos e crenzas (van Dijk, 1989, 1993b).

Xa que logo, limitando a información nos medios de comunicación sobre as moitas formas de racismo cotián que prevalecen nas sociedades brancas, ou limitando a información verbo das causas e solucións da pobreza, as elites son indirectamente capaces de controla-los modelos *posibles* verbo do levantamento de Los Ángeles. Ademais do control do coñecemento, é posiblemente máis efectivo controla-las actitudes, ideoloxías, normas e valores do público. Logo, nas reaccións políticas ou dos medios de comunicación ós disturbios de Los Ángeles a énfase na solidariedade posiblemente facilita máis a formación de modelos que favorecen a súa relación co fado dos suburbios e dos pobres do que a énfase na individualidade, a responsabilidade persoal e a liberdade de actuación.

Aínda que as devanditas relacións parecen obvias nun grao de abstracción suficiente ou nun nivel xeral de análise social e cognitiva, cómprenos enunciarse tales interrelacións dun xeito máis explícito e detallado: ¿Cal é a aparencia concreta dos modelos, como se

forman, como as características do discurso (interpretado) invaden tales representacións, e, especialmente, como é o proceso concreto polo que as representacións máis xerais, as representacións sociais e as representacións abstractas do coñecemento, das crenzas ou dos valores ideolóxicos, inflúen as estruturas e mailos contidos de tales modelos, igual que as maneiras en que se «expresan» no discurso e noutras formas de (inter)acción? As máis deltas cuestións e doutras que con elas se relaciónan están aínda sen responder na análise cognitiva do discurso.

Nembargante, para o noso exame da función do discurso no exercicio e reprodución do dominio, tal aproximación socio-política é a superficie de contacto crucial entre discurso e sociedade, entre as accións individuais e o control social ou entre membros e grupos. Non hai outro xeito de relaciona-lo dominio grupal simbólico ou persuasivo, ou a hexemonía, co control sobre grupos e os seus membros. Desafortunadamente, a maioría dos estudiosos críticos, e tamén os que se dedican ós campos da linguaxe e do discurso, rexeitan ou ignoran esta superficie de contacto socio-cognitiva.

A superficie de contacto socio-cognitiva é crucial na explicación e enumeración das estratexias principais do control mental como é o caso da manipulacións, do asentimento inducido, da definición de situacións e doutras formas de proceder que teñen relacións coa formación das crenzas —e, individualmente, das accións— dos outros grupos segundo os intereses dos dominantes. O mesmo é tamén verdade para a propia produción dos «discursos de dominación». O poder e maila hexemonía non se definen só en termos sociais ou económicos, tamén os representan cognitivamente os grupos dominantes (ou os seus membros), por exemplo, a xeito de modelos de grupo no tocante ó propio ós outros, a xeito de prexuízos, valores e intereses e, fundamentalmente, a xeito de complexas ideoloxías que organizan a estrutura xeral do sistema socio-cognitivo. Quere dicir, tamén o exercicio do poder e o seu abuso, levado a efecto polo discurso ou por outros medios, cómpre explicalo en termos cognoscitivos. Logo, tales representacións cognitivas (modelos, actitudes) no tocante a grupos minoritarios ou acontecementos relacionados con etnias tal e como as conciben os grupos maioritarios dan forma ós textos e comentarios cotiáns sobre (e dirixidos contra) as minorías por parte de políticos, xomalistas, executivos e o grupo dos brancos en xeral. É tamén neste senso no que a base cognitiva da «hexemonía étnica» se reproduce fundamentalmente no grupo dominante (van Dijk, 1984, 1987, 1991, 1993a).

2. DISCURSO E ACCESO

Un elemento principal na reprodución discursiva do poder é o propio *acceso ó* discurso. O respecto, o discurso é moi similar a outros recursos sociais valorados que forman o ámbito do poder, para o que hai un acceso desigual. Por exemplo, non todos temos igualdade de acceso ós medios de comunicación ou ós textos e falas da medicina, do dereito, da política, da burocracia ou da educación. Xa que logo, necesitamos explora-las implicacións da complexa pregunta «quen fala ou escribe o que, sobre que, cando, e en que contexto», ou quen pode participar en tales actos de comunicación en funcións de recepción varias como, por exemplo, as dos destinatarios, a de audiencia, a de espec-

tadores circunstantes ou como oíntes desatentos. O acceso mesmo se podería analizar segundo os temas dos tópicos ou dos referentes do discurso, quere dicir, daquelo do que se fala ou escribe. Poderíamos dicir que, igual que no tocante a outros recursos sociais, ó *maior acceso* ás diferentes funcións participativas correspóndese co *maior poder social*. Noutras palabras, as medidas de acceso ó discurso poden ser indicadores bastante fiables do poder dos grupos sociais e dos seus membros.

O discurso político

Antes de introducir outras categorías analíticas, examinarei algúns exemplos concretos. Na maioría dos países as reunións ministeriais só son accesibles ós membros do correspondente gabinete, que poden ser tanto falantes coma receptores, e que poden tamén ser interpelados por outros participantes. Os secretarios ou axudantes poden estar presentes para rexistrar tales sesións nos diarios ou para darlles ós membros do gabinete información ou documentos, mais probablemente só cando se lles indica. Aínda que os últimos poden ser parte da audiencia, non son destinatarios nin se lles deixa participar frecuentemente dun xeito activo nas discusións. Xeralmente, as discusións e os diarios de rexistro das reunións de gabinete de tal tipo son secretos e, logo, non accesibles (durante certo período de tempo) a outros que serían a audiencia de terceira instancia. Os parlamentos e o público en xeral reciben adoito información sobre os tópicos ou referentes de tales debates, malia ser verosímil que só as persoas ou grupos social politicamente importantes sexan tema de comentarios, quere dicir, (outras) elites, ou grupos sociais que son un problema político. Unha análise similar dos modelos de acceso poden ofrecela outras entidades dirixentes de dominio público ou privado, tales coma os consellos de corporacións ou os concellos. (Polo que eu sei, non hai estudos minuciosos de tales modelos de acceso. No tocante ás análises dalgunhas publicacións gubernamentais véxase, por exemplo, Connolly, 1983; Edelman, 1977; Wilson, 1990; Wodak, 1989).

As sesións dos parlamentos, dos senados ou dos concellos son actos discursivos que teñen distintos modelos de acceso. En principio, só os membros (electos) teñen acceso en calidade de falantes e oíntes, coa posible inclusión dos membros de gabinete. Sexa como for, o portavoz ou presidente regulará a distribuirá os turnos e o tempo das intervencións e xeralmente controlará o tema e mesmo o estilo sen ter, ne bargante, acceso a unha función activa como copartícipe no propio debate (Carbó, 1992). Nas máis das democracias parlamentarias, as sesións do parlamento son accesibles ó público, que ten a función de «audiencia desatenta» e non de receptores. Dun xeito semellante, tamén os medios de comunicación teñen acceso a tales sesións, un modo de acceso que xeralmente se caracteriza por privilexios especiais, como e o caso das salas de prensa ou dos asuntos reservados (Graber, 1989; Golding, Murdock, Schlesinger, 1986). Igual ca nas reunións de gabinete, non é habitual que haxa limitacións no tocante ós temas ou ós referentes, aínda que na práctica só as persoas ou grupos social ou politicamente importantes son tema de referencia.

Discurso dos medios

Fóra do acceso activo ás corporacións de goberno, decisorias, do Estado ou das corporacións supremas, o acceso ós medios de comunicación nas sociedades contemporá-

neas é probablemente un dos criterios máis importantes do poder e do dominio, dado o enorme alcance dos discursos, que abrangue, por exemplo, o factor da audiencia masiva (para estes termos e outros relacionados co acceso ós medios e ó poder, véxase, por exemplo, Altheide, 1985; Altschul, 1984; Downing, Mohammadi, Sreberny-Mohammadi, 1990; Lichter, Rothman & Lichter, 1990; Paletz & Entman, 1981). De igual xeito, non hai probablemente un acceso a outro tipo de discurso que estea tan organizado e tan institucionalizado a través, por exemplo, de oficinas e gabinetes de prensa, das conferencias de prensa, permisos de publicación... por citar algunhas das moitas estruturas e estratexias de acceso ós medios. As formas de acceso ós medios, logo, son moi complexas, e necesitarían de seua unha análise detallada (para algúns elementos dunha análise de tales características, véxase, por exemplo, Tuchman, 1978; Gans, 1979).

Xeralmente, para a prensa, o único que —en principio— ten acceso ilimitado en calidade de escritor é o director e, un tanto menos, os outros directores, os de cada sección, dependendo das decisións dos consellos de redacción sobre o contido do xornal. Os reporteiros só teñen acceso no tocante ás historias que lles encargan os directores (ou «a través» das historias), aínda que nalgúns medios poden formar parte dos consellos de redacción diarios que deciden sobre os contidos do xornal. O público só ten acceso pasivo ós medios, quere dicir, como lectores ou como espectadores, por máis que poidan ter acceso (limitado) en calidade de autores das cartas ó director.

O acceso indirecto ós medios resérvase para os que son fonte noticiosa e/ou con credibilidade, e que aparecen entrevistados ou citados. Xeralmente, este tipo de acceso indirecto resérvase a actores de elite (quer persoas, quer institucións) (Galtung & Ruge, 1965; Gans, 1979; Golding & Elliott, 1979). Quere dicir, o poder da elite pode incrementarse (e lexitimarse) debido ó acceso preferente ós medios de comunicación. Tales elites tamén teñen un acceso especial ós medios a xeito de temas ou referentes de preferencia do discurso das noticias, por exemplo, a xeito de vítimas ou de protagonistas de acontecementos sociais importantes como é o caso das folgas, manifestacións ou outros conflitos sociais noticiais (Glasgow University Media Group, 1976, 1980, 1982).

Discurso legal

O acceso ós acontecementos discursivos xudiciais, tales como as sesións dos tribunais, resérvanse ós xuíces, fiscais, procuradores, defensores, testemuñas ou xurados, como participantes inmediatos. Os taquígrafos, a policía ou os gardas tamén poden participar, mais non como talantes. O público pode estar presente en calidade de audiencia, a menos que a sesión sexa a porta pechada. O xuíz presidente pode restrinxir e distribuí-los turnos de palabra a tódolos participantes activos, e pode censura-la intervención dos que non participan, como é o caso do público. Os defensores e as testemuñas só teñen dereito (e deber) de talar cando se lles dirixe a palabra, logo teñen un modelo de acceso diferente ó dos encargados de defensa e da acusación (Atkinson & Drew, 1979; Fisher & Todd, 1986; Wodak, 1985). Os defensores e as testemuñas son o primeiro tema de referencia do discurso legal no tribunal, igual cás vítimas do crime.

O discurso médico

As moitas variedades do discurso médico teñen restriccións semellantes. Os médicos, os pacientes, os clientes, os enfermeiros e os directores médicos son adoito os únicos participantes. O principal acceso activo resérvase decote ós médicos, que poden establece-la hora e lugar de reunión e que controlan os diálogos. Os pacientes fálaselles e por veces, mesmo estando presentes son tema de referencia, logo poden ser parcialmente destinatarios e parcialmente audiencia da conversa médica (Davis, 1988; Fisher & Todd, 1986; Mishler, 1984; West, 1984). Os pacientes poden empeza-la conversa con médicos ó procurar axuda ou consello médico, dadas algunhas restriccións especiais de tempo e de lugar (as citas).

O discurso educativo

O texto e a conversa na escola, ou nas universidades, é, en principio, accesible a tódolos estudantes e a tódolos profesores cualificados. O acceso dos estudantes pode estar dalgún xeito regulado por lei: para grupos de certas idades, a presenza mesma pode ser obrigada. Polo xeral, os profesores poden pedirlle ós estudantes que falen ou que fagan exames ou artigos; os profesores comprométese a desenvolver-lo discurso didáctico. Durante as leccións, os profesores poden asignar e restrinxi-lo turno de palabras dos estudantes (Mehan, 1979; Sinclair & Brazil, 1982). Os estudantes teñen tamén un acceso pasivo, e decote obrigado, os libros de texto. O acceso temático ás leccións ou ós libros de texto só está limitado pola pertinencia didáctica: virtualmente calquera persoa, grupo ou institución pode ser tema de conversa ou de redacción.

O discurso burocrático

O discurso da administración ou dos servicios públicos ten lugar entre os funcionarios ou entre os funcionarios e o público. Segundo sexa a burocracia, os funcionarios ou os cidadáns poden iniciar activamente os actos comunicativos. Nalgúns casos, a participación de funcionarios públicos é obrigatoria, como é o caso dos interrogatorios da policía, das auditorías de facenda, ou doutras situacións nas que a cidadanía ten que dar información ó estado.

As conversas cotiás

De maneira distinta ás moitas formas de discurso público e institucional xa mencionadas, o acceso ás conversas cotiás é máis ou menos libre: case tódolos membros da sociedade teñen dereito a entrar activa ou pasivamente en conversas. aínda que hai restricción no tocante ós destinatarios potenciais, ós momentos e ós lugares da conversa. De xeito semellante, excepto en situacións de censura severa tamén calquera pode ser tema ou referente dunha conversa cotiá. As restriccións de participación máis ou menos formais e tradicionais poden aparecer para os participantes menos poderosos, como é o caso dos nenos, das mulleres ou dos vellos. Igualmente, o sexo, a idade, ou o *status* social tamén pode definí-lo modo de acceso, marcando, por exemplo, quen pode iniciar ou terminar unha conversa ou quen controla o turno de palabra e o tema (entre outros moitos estudos, véxase, por exemplo, Atkinson & Heritage, 1984; Boden & Zimmerman, 1991).

3. A ANÁLISE DOS MODELOS DE ACCESO

Os exemplos informalmente dilucidados anteriormente amosan diferentes modelos de acceso que dependen de varias funcións sociais ou institucionais: do sexo, da idade, da posición social, do contexto ou da temática. Por mor de examinar tales modelos de acceso dun xeito máis explícito, cómpre facer algunhas distincións analíticas. Malia ser un concepto moi relevante no estudio do discurso e do poder, a de «acceso» é unha noción bastante vaga e necesitada de máis especificación, pode incluí-la forma en que a xente toma a iniciativa para realizar actos de comunicación, as modalidades da súa participación e, igualmente, as formas de control doutras características do discurso, como é o caso do turno de palabra, da creación das secuencias, dos temas, ou mesmo das súas formas de representación no discurso, a xeito de referentes ou de tópicos.

A iniciativa

Unha dimensión importante do acceso ó discurso é a facultade ou dereito de toma-la *iniciativa* nos actos de comunicación. Os presidentes, portavoces, directivos ou (un número de persoal cualificado de) membros de organizacións poden decidir ter un encontro ou sesións, establece-lo plan correspondente, preparala e, eventualmente, convocala. Un xuíz pode decidir que se celebre un xuízo e un oficial de policía, un inspector fiscal ou un funcionario dunha institución pública poden toma-la iniciativa de citar un cidadán. Os profesores poden decidir impartir unha clase, pronunciar unha conferencia ou convocar ós estudantes para un exame ou para unha entrevista. Os directores de xornais poden decidir escribir un artigo verbo dun tema noticioso e os escritores poden decidir escribir unha novela. Finalmente quitadas as restriccións sociais habituais, case calquera pode decidir ter unha conversa ou escribirlle unha carta a outro.

O elemento de poder incorporado na toma de tales iniciativas depende de quen teña a facultade de convoca-los actos de comunicación, da súa calidade e de se tales convocatorias teñen éxito ou non. Os cidadáns ordinarios poden toma-la iniciativa de falarlle ós membros da súa familia, ós seus amigos ou colegas con máis ou menos fortuna, pero pode que non sempre teñan éxito ó pediren unha cita co seu médico, cun inspector fiscal ou cun oficial de policía, que teñen que acepta-la tal conversa e poden establecer restriccións de tempo e de espacio (véxase máis abaixo). Por outra banda, con outras restriccións de situación, un cargo dunha corporación pode convocar reunións, iniciar conversas con subordinados, encargar un informe, decidir facer unha conferencia de prensa e cousas semellantes. Quere dicir, o seu grao de iniciativas de actos de comunicación exitosas e moito máis grande có da maioría dos cidadáns do común.

Poderíamos face-la hipótese de que, en xeral, a facultade ou o dereito a toma-la iniciativa do texto ou da fala e unha medida de máis ou menos poder social, segundo a importancia do acto comunicativo. Tal importancia pode determinarse por criterios tales coma o número de participantes, a relevancia ou consecuencias políticas ou sociais do acto comunicativo, ou o tamaño da audiencia ou número de cidadáns afectados. Entón, un xuíz pode convocar unha vista, que decote ten poucos participantes, mais posiblemente graves consecuencias para o acusado, e unha audiencia (ou público) que pode ir de ninguén a millóns de persoas (o último foi o caso do veredicto de inocencia que fixo

alampa-la insurrección de Los Ángeles de maio do noventa e dous). Por outra banda, os profesores e directores de prensa poden ter unha grande audiencia, de estudantes ou lectores, por exemplo, mais as súas decisións de celebrar reunións ou publicar non sempre afectan de maneira importante ós estudantes e xornalistas que participan dos seus actos. As iniciativas que implican relacións cos medios de comunicación son tan importantes coma complexas. As tomas de contacto poden inicialas os informadores, os protagonistas ou as fontes das noticias. As relacións de poder xogan aquí un papel fundamental por ambas e dúas partes: xeralmente os informadores han ter acceso ás principais fontes ou protagonistas de noticias por medio dunha rutina básica que é parte do seu ritmo de traballo (referímonos ó goberno, ó parlamento, ó senado, ós tribunais, á policía, etc.) e, xa que logo, procurarán comentarios dos políticos ou doutras elites verbo de acontecementos ou doutras informacións noticiais (Ghorpade, 1984). Nembargantes tamén os persoeiros da elite e as organización teñen interese en acceder ós medios de comunicación, e teñen organizacións específicas para facelo, por exemplo, por medio de conferencias de prensa, de oficinas de prensa, ou de departamentos de propaganda. De xeito similar, os lectores poden toma-la iniciativa de acceder prensa escribíndolle cartas ó director e os escritores (principalmente os de elite) poden enviar artigos de opinión. Apréciase que, sexan as que foren ás estratexias de acceso que os protagonistas ou fontes con poder e noticiais empreguen, é o medio de comunicación principal o que decide se terán éxito ou non: son os medios os que deciden a publicación. Por outra banda, os protagonistas de noticias poderosos poden corresponder rexeitando falar para os reporteiros. Noutras palabras, entre os medios de comunicación e outros persoeiros e organizacións de elites poderosas hai un delicado equilibrio de poder, que tamén se amosa nos mutuos modelos de acceso.

Establecemento de restriccións

Toma-la iniciativa dun acto de comunicación implica adoito tomar e levar a cabo decisións verbo de posibles restriccións: quen ten que participar, quen pode e quen non pode, cando e onde ten lugar, cales son os temas do discurso (a axenda) e outros detalles parecidos. Vimos que a xente con menos poder social pode, ás veces, toma-la iniciativa nunha cita cun funcionario público ou cun médico, e mesmo establece-lo tema relevante que «dea lugar» a tales diálogos, mais pode que non sempre teñan a posibilidade de determina-la hora, o lugar ou a duración do acto de comunicación. Os profesores poden pedirlle ós alumnos que asistan a un exame ou a unha clase, poden anuncia-lo tema da súa disquisición, pero o máis frecuente é que non lle poidan pedir a outras persoas que lean a súa obra ou que escoiten as súas conferencias. No tocante ás noticias, as restriccións que os medios lle aplican ós actos de comunicación son máis complexas: os informadores poden indica-la hora, o lugar, o tema e outras restriccións no caso das entrevistas con fontes ou protagonistas das noticias, mais no caso de protagonistas de noticias poderosos o contrario tamén se dá. Xeralmente, podemos dar por sentado que xa que o poder se define en termos de control sobre as accións e os pensamentos doutros, a facultade de pór máis restriccións ós actos de comunicación (de máis importancia) podería ser un criterio fiable para medi-lo poder social.

O control dos actos de comunicación

Tomar iniciativas ou pór restriccións ós actos de comunicación é un paso importante, mais só un paso, no camiño do acceso pleno ó discurso. Pois, ó cabo, os outros poden rexeitar falar ou escoitar, ou le-las obras, ou negarse a cumprilas restriccións dos actos de comunicación de calquera outro xeito. Xa que logo, o acceso ós actos de comunicación presupón certo control sobre os propios actos. A xente pode participar nun mitin, e parecer que ten «acceso» a el, pero, de vez, pode facérselle a prohibición de falar, ou ten que aterse a norma de falar só cando se lles pida. Logo, o concepto de acceso pode descomporse, por exemplo, en acceso a varias formas de participación, acceso a un turno de palabra máis ou menos libre, acceso a temas específicos, e, mesmo, acceso a un estilo específico.

Como indicamos antes, poderíamos volver dar por sentado que a medida dos éxitos é o indicador do poder: os falantes que controlan o turno de intervención, os tipos de acto de fala, os temas ou o estilo e, xa que logo, restrinxen automaticamente a «liberdade» comunicativa ou discursiva dos outros, teñen máis poder cós outros participantes, cando menos nos actos comunicativos concretos nos que teñen máis funcións (Kedar, 1987; Kramarae, Schulz & O'Barr, 1984). Un exemplo é o dos oficiais de policía que interrogan a sospeitosos e poden esixirlles que só respondan as preguntas, e que non fagan preguntas eles (Shuy, 1987). Os presidentes de reunións poden negarlles turnos de intervención a algúns participantes. Os pais e os profesores poden prohibirlle ós nenos usar determinadas palabras e mesmo un «ton» pouco correcto nas conversas dos xantares (Watts, 1991). Hai moitos actos de comunicacións que teñen restriccións temáticas, debidos á «axenda» ou «orde do día», debido ó «negocio ou asunto pendente» ou debido ós temas introducidos na conversa polo falante máis poderoso ou polo presidente da reunión.

Para ilustrar tales diferentes modos de acceso, pénsese nos modos de acceso ós medios de comunicación de masas. Xa vimos que as persoas ou as organizacións poden iniciar o contacto cos xornalistas ou, ó revés, pode preguntárselles para que dean información ou as súas opinións. En canto un acto de comunicación se inicia con éxito, quer durante unha conferencia de prensa, quer durante unha entrevista, a información e as opinións poden exporse libremente, e igualmente pode preguntarse por elas, cando os informadores non as preguntan ou piden máis ou menos enfaticamente. Aínda que a devandita é unha condición importante do «acceso Os medios», sería mellor chamala «acceso á produción (ou programación) de noticias». Xa que logo, as opinións ou informacións obtidas de tal xeito poden incluírse definitivamente ou non nun programa de noticias, nunha reportaxe ou nun filme documental. Nos programas informativos ou doutro tipo de radio e de televisión, mesmo as entrevistas ou intervencións gravadas poden deixar de utilizarse no propio programa. Ó cabo, mesmo cando o reporteiro incide a información ou as opinións no discurso dunha noticia, pode acontecer que os editores decidan suprimir tales pasaxes, ou que o artigo nin sequera se publique. Quere dicir, só cando todas estas barreiras se pasan con éxito, pódese dicir que alguén «ten acceso exitoso» ós medios.

Nembargante, mesmo no caso do acceso exitoso ós medios de comunicación hai varias posibilidades. Por exemplo, no caso das cartas ó director e dos artigos de opinión editorializantes, pode parecer, en principio, que os escritores controlan o contido e mailo estilo do seu discurso, mais as alteracións de extensión, de estilo e mesmo de contido non son infrecuentes nas versións finais. Tamén é posible que un teña pleno acceso, mais

que as informacións ou opinións que aporta se «comenten», favorablemente ou non, na editorial ou noutros artigos. De igual maneira, nos programas de televisión, as contribucións tamén se poden «editar», para adecualas ó tempo, ó contido ou as restriccións de actitude dos autores ou produtores do programa. As entrevistas transcríbense por completo na prensa con moi pouca frecuencia: como moito, inclúense fragmentos, sumarios ou partes da entrevistas editadas dun xeito ou doutro. Mesmo as pasaxes entre vírgulas, que suxeren un discurso literal, poden editarse (van Dijk, 1988). Especialmente nos noticiarios televisivos, os fragmentos de entrevistas (e conferencias de prensa, de informacións ou doutros fontes discursivas) aparecen adoito só coa forma de citas ou sumarios máis ou menos breves, ou con varias formas de discurso indirecto. En todos estes casos é primordial que os falantes só teñan un control limitado sobre a forma final da súa contribución. Quere dicir, poden ter acceso parcial ó propio servicio informativo, programa ou reportaxe, mais non sempre teñen a facultade de controla-la extensión nin o estilo, nin outras das varias maneiras de organiza-lo discurso dos medios (titulares, comentarios doutros, comentarios xornalísticos, e especialmente as palabras concretas que se usan para citar ou describi-las contribucións orais). No caso dos textos de fontes escritas, coma os informes, cartas, declaracións oficiais ou libros, as posibilidades da cita literal son claramente superiores (pois tamén é máis doada para os informadores que a escriben); a cita errónea nun caso tal, mesmo pode dar pé a queixas ou a acción legal. Non é, logo, de admirar, que as elites poderosas tendan a fornecer con frecuencia informes de prensa ou textos de fonte escrita que os xornalistas usan con máis facilidade e dun xeito máis fidedigno. Debido ás restriccións temporais, grandes partes dos informes de prensa de protagonistas ou fontes importantes poden copiarse con máis ou menos integridade e literalidade nunha información xornalística, igual ca no caso das cartas ó director ou nos artigos de opinión e editorializantes que levan asinatura, dos que xa se tratou. Entre estas formas de acceso total e parcial hai moitos xeitos de control recíproco (e xa que logo de poder) entre os protagonistas das noticias, as fontes e os xornalistas.

Alcance e control da audiencia

Para o caso de diálogos coma os de reunións formais, sesións ou debates, os iniciadores ou participantes poden te-la facultade de pedir ou permitir que certos participantes estean presentes (ou ausentes), ou de pedir ou permitir que outros escoiten e/ou falen. Logo, ademais de controla-los contidos ou o estilo, os portavoces tamén poden controla-la audiencia. Logo o acceso ó discurso en especial nas formas públicas do discurso, implica tamén e do xeito máis crucial o acceso á audiencia. Nas reunións públicas ou .a través dos medios de masas, os discursos e os seus portavoces poden ter logo máis ou menos poder de alcance. O acceso pleno a un gran xornal ou a unha rede de televisión implica tamén o acceso a unha grande audiencia: obviamente o acceso ó *New York Times* ou á CBS indica máis poder có acceso a un xornal ou a unha emisora de radio locais. Acontece o mesmo cos escritores, mestres, profesores ou políticos que poden acadar unha audiencia máis ou menos grande.

Con todo, o acceso exitoso a unha audiencia volve ser só unha condición da comunicación exitosa nun senso máis amplo. Dito dun xeito trivial, os portavoces han querer que a audiencia entenda, crea ou acepte o que din a tamén poden querer, ó cabo, que a

audiencia actúe segundo o seu desexo. Quere dicir, o acceso pleno á audiencia convértese en control (e, xa que logo, poder) só cando a mente, e indirectamente, as accións da audiencia son «accedidas» polo que os portavoces ou autores din ou escriben (Seiden, 1991). A manipulación, a persuasión ou outros xeitos de controla-las mentes de outros, tal como se subliñaron máis arriba en termos socio-cognitivos, son os criterios mentais fundamentais da comunicación exitosa. Vimos logo que estes procesos de control mental requiren características discursivas específicas, por exemplo, no tocante ós tópicos, ó estilo ou á retórica, quer nos criterios visuais quer noutros non verbais de comunicación exitosa e persuasión, segundo se expón tradicionalmente nas investigacións sobre persuasión (véxase, por exemplo, Bostrom, 1983; Eagly & Chaiken, 1984). O poder social —igual có poder individual— pode medirse tamén polo «acceso» ás capacidades que a xente ten de controlar tales criterios, como é o caso da «poderosa» retórica ou do estilo. Logo ademais, algunhas veces pode chamárxelle ós presidentes «Grandes comunicadores», e dese xeito enmascárase a súa falla doutras facultades para impresionar á nación (Rowland & Paine, 1987; Stuckey, 1990). De non ser así, teñen acceso a expertos que lles ensinan tales facultades, ou para aumentar doutro xeito o seu acceso persuasivo á audiencia como, por exemplo, cando a que foi primeiro ministro Margaret Thatcher recibid leccións de oratoria para «soar máis a estadista» (Atkinson, 1984).

Síntese dos criterios de acceso

Despois deste exame dos varios tipos de acceso, podemos enumerar —para cada tipo de acontecemento comunicativo, e para cada grupo ou institución social— os diferentes patróns de acceso que establecen unha das relacións entre discurso e poder social. Para un xuízo, por exemplo, poderíamos menciona-los seguintes patróns de acceso, en termos de quen controla(n) que aspecto de tal xuízo, como dun xeito informal se expuso antes (o esquema non é completo; no tocante ós detalles conversacionais, véxase, por exemplo, Atkinson & Drew, 1979; para o estilo, véxase Ereckson, Lind, Johnson & O'Barr, 1978; O'Barr, 1982; para o tocante ó acceso a xéneros específicos, Wodack, 1985; nótese tamén que toda variación e control están limitados polas restriccións socio-culturais xerais do contexto legal e da situación do acto de fala):

Iniciativa: xuíz

Restriccións (Tempo, Lugar, Participantes): xuíz, fiscal e acusadores, procuradores. Acto de comunicación

Participantes: xuíz (por exemplo, o xuíz pode excluír testemuñas da acusación)

Asignación e distribución de turno: xuíz

Creación da secuencia (por exemplo, abertura e peche da sesión): xuíz

Actos de fala:

Veredicto, sentenza, ordes, solicitudes, preguntas, asercións: xuíz

Veredicto: xurado (no sistema legal estadounidense, por exemplo).

Encausamento, acusacións, interrogatorios, asercións: Acusador (Fiscal).

Defensa, solicitudes, interrogatorios: procurador da defensa.

Asercións: Defensor, testemuños.

Tópicos (ou temas): xuíz, acusación, procurador.

Estilo: xuíz.

Rexistro: estenógrafos.

Audiencia/alcance: Inmediato: pequeno decote; con participación dos medios de masas: grande.

Resultado: Posiblemente serio para o procesado (perda de cartos, liberdade ou vida).

De xeito inverso, podemos examina-lo poder dos xuíces analizando o seu rango e patróns de acceso (en calidade de xuíces), e veremos que eles controlan as máis das atribución dun xuízo. Nembargante, visto que os xuizos (importantes) contan decote cunha cobertura rotinaria dos medios de comunicación os xuíces tamén teñen un acceso relativamente doado ós medios, segundo as descrições que antes fixemos del, por máis que tal acceso non sexa total: pode que os xuíces non controlen exactamente o que se escribe ou di deles (Anderson, Milner, Galician, 1988; Chibnall, 1977; Graber, 1980; Hariman, 1990).

Aínda que os rangos de acceso e alcance habituais dos xuíces son só o dominio legal, quere dicir, o discurso legal en xeral (cando se escribe un veredicto, por exemplo) e o dos xuizos en particular, os xuíces tamén poden ter acceso á educación e á investigación cando dan conferencias ou escriben libros de texto, ou teñen acceso á política e ás finanzas cando os nomean membros de consellos ou de comisións debido á súa experiencia ou influencia legal. Os xuíces, en suma, parecen ter un nivel medio de acceso, correspondente ó seu relativo poder. Nembargante, dado que son, en principio, os únicos que deciden sobre a liberdade ou (en Estados Unidos, por exemplo) mesmo sobre a morte e a vida, as consecuencias do seu poder, noutros aspectos moderado, poden ser tremendas. De certo que este é o caso dos xuíces de tribunais de apelación e de cortes supremas, que mesmo poden te-la última palabra á hora de decidir cuestións socio-políticas maiores que afectan a unha nación enteira, como pode se-lo caso do aborto ou dos dereitos civís. Quere dicir, ademais do alcance e do rango do seu acceso ó discurso, que o poder dos xuíces tamén se pode medir especialmente polas consecuencias persoais, políticas e sociais de tal acceso. Aínda máis: no dominio legal, o seu discurso pode facerse lei.

Poden facerse análises similares, en cadanseu dominio, para os presidentes máis ou menos poderosos, os ministros, os membros do parlamento ou congreso, papas ou sacerdotes, profesores, directores de xornais, líderes sindicais, e tamén, en niveis máis baixos da xerarquía, para cidadáns «do común», burócratas, oficiais de policía, mestres ou tendeiros. A nosa proposta é que xeralmente debería haber unha interdependencia bastante forte entre o poder (e, xa que logo, o acceso a recursos socialmente valorados) e o acceso a —control de— condicións, características estruturais e consecuencias do discurso.

4. DISCURSO, PODER E RACISMO

Para ilustrar mellor a análise do poder discursivo social e os patróns de acceso indicados antes, irnos examinar finalmente dun xeito un tanto máis detallado algunhas das maneiras en que os grupos brancos dominantes exercen, lexitiman e reproducen o poder social sobre minorías étnicas ou raciais. Os datos empíricos que forman o telón de fondo delta exposición débense a un proxecto de investigación de moitos anos sobre Discurso e Racismo levado a cabo na Universidade de Amsterdam dende 1980 (van Dijk, 1984

1987, 1991, 1993). Os diferentes discursos que se estudiaaron para este proxecto foron conversas cotiás, manuais de ensino medio, noticias de prensa, debates parlamentarios, discurso científico e discurso de corporacións, entre outros. O único obxectivo da nosa exposición é amosar como o dominio étnico se reproduce (tamén) por medio de patróns específicos de acceso e control do discurso.

A desigualdade étnica e racial en Europa, Estados Unidos e outros países europeizados implica relacións de dominio, quere dicir, relacións entre grupos brancos dominantes e grupos de minorías subordenadas, principalmente de orixe «non europea». En termos socio-económicos e culturais, isto quere dicir que o grupo dominante e os seus membros teñen acceso preferente ou, dito doutro xeito, privilexiado, ós recursos socialmente valorados, tales como (mellores ou máis) ingresos, saúde, vivenda, emprego, servicios sociais, status e educación. Para os refuxiados e os outros inmigrantes, a falla ou restricción de acceso significa, antes de nada, e case dun xeito literal, restriccións de acceso ó país, como se fai moi obvio nas leis e trámites de inmigración que se van endurecendo progresivamente nos países da Europa occidental. O abuso de poder discriminatorio defínese neste caso polas diferencias feitas entre brancos (europeos) e inmigrantes non brancos ou non europeos —se non na lei, cando menos nas prácticas cotiás de policía e control. Os resultados destas e outras formas de dominio étnico ou racial son obvias: marxinalización do grupo dominado en moitos aspectos da vida social e reprodución do poder e desigualdade étnica e racial (véxase, entre outros estudos, Castles, 1984; Dovidio & Gaertner, 1986; Essed, 1991; Katz & Taylor, 1988; Marable, 1984; Miles, 1989).

Pódese dici-lo propio do vasto campo de recursos discursivos, comunicativos ou simbólicos de calquera outro tipo que suxacen na hexemonía dos grupos brancos (Donaldson-Smitherman & van Dijk, 1988; van Dijk, 1991, 1993). Esta hexemonía toma súas formas diferentes, por exemplo, a reprodución do poder dentro do propio grupo dominante, pomos por caso, a través do proceso de fabricación do «consenso étnico» e por medio da dominación simbólica dos grupos de minoría subordinadas. En ambos e dous casos o discurso dominante defende, lexitima ou exerce as actividades que causan a desigualdade étnica ou racial, e, de vez, reducen as oportunidades de que o grupo branco en xeral, e especialmente as minorías subordenadas, combatan activamente a discriminación, os prexuizos e o racismo.

Unha estratexia de tal discurso dominante é definir persuasivamente o *status quo* étnico como «natural», «xusto», «inevitable» e mesmo como «democrático», por medio de negacións da discriminación e do racismo, pomos por caso, ou obviando os aspectos raciais da desigualdade por medio de redefinicións en termos de clase, de diferenza cultural ou a xeito de consecuencias particulares (singulares, temporais) da condición de inmigrante. O éxito persuasivo e manipulatorio de tal tipo de discurso dominante débese en parte ós patróns de acceso de tales tipos de texto e intervencións orais. Quere dicir, as máis das elites do poder fórmanas brancos, e o seu poder define (e defínese por) acceso preferente das elites ós recursos da comunicación de masas, ás decisións políticas que crean discurso (o goberno e a lexislación), ós discursos da burocracia e ó sistema legal. Isto quere dicir que no tocante ós grupos minoritarios e dominio vese duplicado por unha banda hai o grupo branco en conxunto que ten privilexios especiais de acceso ós recursos sociais, incluídos os recursos simbólicos da comunicación, pero, ademais, as elites de

poder brancas controlan o grupo branco xeral, fano, pormos por caso, por medio da súa influencia persuasiva nas condicións mentais (estereotipos, prexuízos, ideoloxías) das prácticas discriminatorias dos membros do grupo branco.

Pode dicirse o contrario dos grupos de minorías étnicas, a subordenación dos cales exacerbase aínda máis pola súa posición social (xeralmente) inferior. Isto é, a súa falla de acceso non se define só en termos de exclusión racial ou étnica, mais tamén se debe á súa falla de acceso á boa educación por motivos de clase, status, emprego ou capital, que comparten cos brancos pobres. Os patróns de exclusión ou marxinalización que resultan tanto do acceso socio-económico coma do simbólico (discursivo, comunicativo) dificilmente necesitan ser enumerados. As minorías ou os inmigrantes teñen xeralmente menos ou nulo acceso ós seguintes contextos comunicativos primordiais, segundo analizamos máis arriba:

a. Discursos gubernamentais e lexislativos de tomas de decisión, información, persuasión e lexitimación, especialmente no nivel nacional ou estatal.

b. Discursos burocráticos políticos de alto nivel ou de implantación de normas políticas.

c. Discurso dos medios de masas máis poderosos.

d. Discursos académicos ou científicos.

e. Discurso corporativo.

Política

As minorías non teñen «voz» nos lugares importantes, quere dicir, onde se toman as decisións que poden cambia-los seus poderes e a súa posición. Logo, especialmente en Europa, case non hai membros de grupos minoritarios que sexan membros de gobernos nacionais, e só moi poucos son membros dos órganos lexislativos (para o caso do Reino Unido, véxase Solomos, 1989). Nalgúns países, como é o caso de Holanda, algunhas minorías que non teñen nacionalidade holandesa, mais son residentes de vello, teñen acceso activo e pasivo ás eleccións locais, e, xa que logo, teñen voz (mínima) nos concellos, un pequeno «privilexio» que atopa dura oposición en Francia e Alemaña, pomos por caso. Debido ó tamaño dos grupos de minorías étnicas dos Estados Unidos, hai cando menos algunha representación política das minorías e, xa que logo, acceso ás decisións políticas, especialmente no nivel local, por exemplo, en cidades que teñen gran cantidade de poboación dunha minoría (Jaynes & Williams, 1989; Marable, 1985). Malia as máis das políticas étnicas seren nacionais ou federais, as minorías experimentan exlusións efectivas maiores ou menores dos textos e dos enunciados orais de máis influencia que tratan da súa propia posición.

Nalgúns casos, hai acceso limitado das minorías ás decisións políticas por medio de comisións consultivas especiais, que, con todo, teñen xeralmente pouca influencia nas políticas nacionais. Volvendo ó caso de Europa occidental, os grupos de minorías étnicas adoitan ser pequenos de máis para organizar oposición política, de xeito efectivo se é que se lles permite, para empezar, organizarse politicamente (hai limitacións de actividade política para os estranxeiros). As mesmas indicacións poden facerse para a falla de acceso ós discursos da burocracia, aínda que hai grupos de minorías particulares que contan cun acceso moderado (os formados por individuos de antigas colonias que teñen a

nacionalidade metropolitana) a postos intermedios da burocracia nacional. O acceso das minorías é lixeiramente mellor para o caso das burocracias locais (dos concellos) (BenTovim, et al., 1986).

O acceso das minorías ós medios de masas sería unha condición primordial da súa participación na definición pública da súa situación. Malia as autodefinicións adoito liberais de moitos xornalistas, a falla de acceso das minorías é unha das características máis singulares do dominio simbólico das elites brancas (Hujanen, 1984; Mazingo, 1988; Participación das minorías nos medios, 1983; Wilson & Gutierrez, 1985). En Europa case non hai xornalistas que non sexan europeos. cando menos en postos de dirección editorial. mesmo nos Estados Unidos hai moitos xornais que non teñen xornalistas de minorías, as promocións a posicións máis altas sonlles notoriamente difíciles e na televisión teñen acceso limitado (moi «moderado») algunhas minorías contadas que se fan visibles. O resultado é que o consello de redacción é case sempre só de brancos e abofé que iso ten graves consecuencias na produción de noticias, no estilo da escrita, na perspectiva, no acceso a fontes e na orientación xeral do discurso das noticias ou dos programas de televisión (Donaldson-Smitherman & van Dijk, 1988; Hartmann & Husband, 1974; Martindale, 1986; van Dijk, 1991).

Os grupos étnicos, segundo o devandito, contan con pouca cobertura política ou económica. Raramente controlan grandes organizacións. Adoitan ser pequenos ou pobres de máis para establecer relacións eficientes coa prensa, a través de informes, gabinetes, pomos por caso, ou outras actividades de prensa. Logo, mesmo dun xeito proporcional ó seu tamaño, teñen moito menos acceso por propia iniciativa ós xornalistas (Fedler, 1973). por contra, os xornalistas (brancos) considerarán que as organizacións ou os actores das noticias teñen menos valor noticioso (de non ser en relatos de ton negativo verbo de violencia, crimes ou conflitos) e terán as fontes ou organizacións das minorías por menos fiables. Debido á rutina a golpes da organización da produción de noticias, é ben sabido que os xornalistas favorecen as organizacións institucionais, fiables e importantes, incluíndo nelas ós órganos legislativos, a policía, os tribunais, a burocracia e a xente das ciencias e das artes. Como os máis dos representantes destes sectores son brancos, a consecuencia é que tamén as fontes das noticias e os seus correspondentes relatos están centrados nos brancos.

O devandito significa que é ceno o contrario: son menos os xornalistas que van procurar información e opinión á fontes minoritarias. Logo, tanto por activa coma por pasiva, o acceso da minoría á produción de noticias ou de programas é significativamente inferior ó dos grupos ou organizacións de brancos. Hai razóns socio-culturais a maiores para tal falla de acceso: mesmo os xornalistas brancos de boa intención poden ter dificultades eventuais para entede-lo estilo ou a función das fontes textuais ou orais das minorías, de ser que, en primeiro lugar, entendan a súa lingua.

As importantes razóns polas que as minorías teñen menos acceso ós medios de comunicación non deixan de ter un efecto considerable no verdadeiro contido, no punto de vista e no estilo das noticias. As análises dos modelos de cita, por exemplo, revelan que, como era de esperar, as minorías son moito menos citadas do que as elites brancas, mesmo nos casos de asuntos étnicos, quere dicir, en asuntos nos que poderían, segundo os propios criterios dos medios, ser consideradas como «expertas» ou «entendidas» (van

Dijk, 1991). Igualmente, e en especial nos asuntos cruciais, se as minorías teñen acceso ós sumarios de opinión ou a citas na prensa, case sempre aparecerán acompañados (cando non «corrixidos») polos correspondentes sumarios ou citas das autoridades brancas. Tal é o caso dramático dos asuntos que máis ameazan a «imaxe» social do grupo branco dominante, por exemplo, no caso de prexuízos (denunciados), discriminación e, especialmente, racismo. É moi raro que as minorías teñan acceso directo, independente e sen recortes ou modificacións de edición, a criticar publicamente ó grupo branco, pois tales acusacións van ó cerne do sistema de dominio branco. Posiblemente teñan aínda menos acceso ás acusacións autónomas (sen alteracións de edición, sen comentarios, sen acompañamentos) de racismo, quer de grupos ou actores minoritarios, quer de antirracistas brancos. As limitacións do acceso ós medios por medio das restriccións de citas autónomas implica tamén o control dos tópicos: se, ó cabo, se lles permite expresarse en público, non ha ser para tratar do racismo, ou doutros fracasos do grupo dominante. Como moito, as minorías expresan as súas opinións verbo dos asuntos menos preocupantes, como é o caso das artes e representacións populares, do deporte e doutros aspectos da cultura, como sería o caso da relixión e do folcklore (Hartmann & Husband, 1974; Johnson, 1987; van Dijk, 1991).

O acceso limitado ós medios afecta ós propios «textos» dos medios: as minorías, se ó cabo teñen acceso activo ou pasivo, non serán capaces de controla-lo que se escribe delas. Por contra, debido precisamente ó a non te-la condición de elite, e debido á súa menor influencia política —e á inferioridade de medios para os combater— os medios gozan de liberdade case total para escribi-lo que queiran verbo das minorías, excepto no caso de opinións abertamente racistas (aínda que se poden citar impunemente doutras fontes). As análises de informacións da prensa de bastantes países amosan sen ambigüidade que este é xeralmente o caso; os tópicos son xeralmente negativos e estereotipados, tratan a inmigración a xeito de ameaza ou, cando menos, a xeito de grande problema social, económico e financeiro, tratan do crime e da violencia (de «disturbios», por exemplo), do benestar e dos seus problemas, das diferencias culturais «estañas» e da (falla de) adaptación e, finalmente, de relacións étnicas, incluídas a discriminación e os actos de afirmación. Xa que logo, as noticias de tema étnico defínense co concepto básico de «problemas» (na prensa liberal) ou a xeito de «ameazas» (na prensa conservadora), problemas causados pola inmigración das minorías étnicas, pola súa presenza, pola súa diferenza cultural, polo seu desvío e resistencia (Hartmann & Husband, 1974). A grande maioría de informacións sobre etnias tratan de tales tópicos confirmadores de estereotipos. Por outra banda, a cobertura informativa das elites brancas caracterízase por un punto de vista autocompracente, que adoita representalas a «axudar» ás minorías. Só en tempos de grandes crises, como durante o Movemento dos Dereitos Cívís norteamericano ou durante a recente revolta de Los Ángeles permítese que aparezan na prensa máis artigos críticos coa sociedade branca dominante ou coas elites que son responsables do seu dominio (mais adoito tratan *doutras* elites, e decote da propia prensa).

En tódolos niveis da información, dende os titulares e as entradas, por medio da estrutura esquemática convencional das noticias, dos tópicos, dos recursos semánticos locais, do estilo e da retórica, o control da minoría é mínimo (van Dijk, 1991). O que se

enfátiza por medio dos titulares e doutras estruturas de preeminencia vai ser primordialmente relevante para a audiencia branca, quere dicir, asuntos negativos verbo «deles» e positivos verbo de «nós». Os artificios semánticos de aparente negación («Non ternos nada contra a comunidade negra, pero...») son tan habituais como na fala política cotián dos brancos. Pode dicirse o propio para outros artificios semánticos que implican unha representación negativa das minorías, como é o caso das Concesións Aparentes «Tamén hai negros listos / pacíficos pero...» ou ó revés «Abofé que tamén hai discriminación por parte dos brancos pero...») e un artificio semellante son os Contrastes («Son violentos e *nós* pacíficos). Máis radicais son as diversas formas de negación que levan a lle bota-la culpa á vítima e a inverti-la situación real por completo: «Eles son os verdadeiros racistas, non nós». Explícase logo a prominencia nos medios de comunicación dos ataques de mozos negros ás tendal de coreanos durante os disturbios de Los Ángeles. Tamén isto amosa que as minorías (e en especial os negros) adoitan ter un modo principal de acceso á prensa branca, por medio dos danos, da violencia, do crime e da resistencia violenta que adoito se cobren dun xeito negativo, segundo se indicou antes.

En resumo, tódolos niveis, quere dicir, o contido global, a preeminencia ou énfase, a cita e o estilo están moi controlados polos xornalistas brancos: as minorías teñen pouco acceso ou ningún á definición mediática da situación étnica, e tamén non teñen peso no estilo nin no punto de vista que caracteriza a tal definición. É doado predici-los resultados: a opinión pública ha seguir adoito o enfoque dos grandes medios de comunicación, e, se o tal enfoque é o dos problemas da inmigración, dos refuxiados, dos «crimes negros», dos disturbios ou das diferencias culturais, estes serán os compoñentes principais da definición da situación étnica do grupo branco en xeral. Os motivos principais de que os medios de comunicación teñan tanto poder para axudar a definir unha situación étnica así son, primeiro, que a audiencia branca, en conxunto, ten pouco interese en definicións da situación étnica que compitan entre elas e, en segundo lugar, que as audiencias minoritarias adoitan ser pequenas de máis (especialmente en Europa) para contestar tales definicións con éxito (por medio de boicots ou de recursos legais, pomos por caso) e, finalmente, porque case non hai fontes de medios alternativos que dean outras definicións da situación. As minorías, logo, case non teñen acceso persuasivo á audiencia da maior a branca.

Formación académica

Poden facerse indicacións parecidas verbo do discurso educativo e académico. As minorías, especialmente en Europa, adoitan ter menos acceso ás universidades, menos independencia para controlar activamente o discurso por vía académica, mesmo no caso de estudos verbo delas. Por exemplo, en Holanda, os investigadores brancos holandeses levan a cabo máis do noventa e cinco por cento das investigacións étnicas, e a porcentaxe das que se fan baixo supervisión de brancos holandeses aínda é superior. Nos departamentos de estudos étnicos adoita darse a preponderancia dos brancos. Os tópicos da investigación étnica son sorprendentemente parecidos ós dos medios de masas: diferenza cultural e desviación, crimes, problemas educativos, etc. Logo non é sorpresa ningunha que os medios, pola súa banda, presten especial atención ós resultados desas investigacións que tan ben se axustan ós estereotipos dominantes, no tocante ás «ban-

das», por exemplo, verbo do crime ou dos problemas culturais das inmigrantes novas. Por outra banda, os aspectos críticos, como é o caso a discriminación e especialmente do racismo, estúdiense pouco, tan pouco coma aparecen na prensa. Ademáis, tenden a ser refutados, ou mesmo a considerarse como investigacións académicas «políticas» e irrelevantes (Essed, 1987). En consecuencia, os grupos étnicos, e mesmo as súas elites académicas, non contan con acceso potencial, control independente, para intervir nas formas en que se define a situación étnica nas ciencias sociais. Como moitas destas investigacións tamén se utilizan a xeito de fonte informativa para políticas nacionais (e para informaes da prensa), bótase de ver como as elites brancas dominantes conspiran unidas para evita-lo acceso á base hexemónica do poder, quere dicir, empecen o acceso ó coñecemento, ás crenzas e á manufactura do consenso. Non cómpren máis argumentos para aclarar que as revistas académicas, os congresos, e outros vehículos do discurso académico están tamén decote dominados polos académicos brancos.

O mundo dos negocios

O discurso corporativo adoita ter menos dimensión pública, logo só dun xeito indirecto vese implicado na elaboración do consenso. Nembargante, ten, ó cabo, moita influencia, debido ás súas consecuencias para as condicións socio-económicas e políticas do *status quo* dos grupos étnicos. Se o discurso corporativo explica os modelos de paro alto por etnias principalmente en termos que culpan a vítima (debido ás dificultades lingüísticas, á falla de experiencia ou de habilidades, á inferioridade da educación, á carencia de ethos laboral), entón tamén ten acceso doado á prensa e ás tomas de decisións políticas (Fernández, 1981; Jenkins, 1986; van Dijk, 1993). O que os xerentes e executivos falan verbo de acordos e outras formas de compromiso social debe asociarse con moitos aspectos negativos, como son os casos da perda de competitividade, a desigualdade social, e outros semellantes. Este risco do discurso corporativo preponderante tamén chega a se facer público dun xeito indirecto, especialmente en Europa, a través dos políticos ou xornalistas que repiten ou enfatizan este punto de vista, por exemplo.

Son poucos os membros de grupos minoritarios que ocupan postos de dirección principais e, cando se dá o caso, teñen que se asegurar de non falar con moita radicalidade das reivindicacións ou queixas do seu propio grupo, de non ser que queiran perde-los seus traballos. Xa que logo, as minorías teñen moi pouca influencia no discurso corporativo dominante. Quere dicir, vense incapaces de combater con éxito as ideoloxías que subxacen a discriminación e marxinação das minorías no mundo laboral, nos negocios e nas finanzas, antes de nada. Por contra, botarlle a culpa á vítima é a principal estratexia de dominio da elite branca, tamén no discurso corporativo: os cargos por discriminación invírtense ó acusar ás minorías (especialmente ós negros) de causa-los seus propios apuros, tal como antes se indicou.

5. CONCLUSIONS

O poder social, o abuso de poder ou o dominio, considerados como relacións entre grupos sociais, afectan de maneira crucial ás nocións de control e acceso, quere dicir, ó

control dos actos e das consciencias de outros en beneficio dos propios intereses, e ó acceso privilexiado a recursos sociais apreciados. De vez, tanto o control coma o discurso afectan ó discurso, en primeiro lugar por medio dos procesos persuasivos de control das consciencias, de manipulación ou elaboración do consenso e, despois, como recurso «simbólico» apreciado para a pura reprodución da hexemonía. Descubrimos que hai unha relación estreita, case directa, entre acceso ó discurso público e, por outra banda, poder e dominio. As institucións e grupos poderosos e as súas correspondentes elites controlan logo case tódolos pasos, áreas e graos da comunicación pública ou influínte, o texto e as manifestacións orais, dende o nicio e a planificación, por medio das restriccións de participantes e emprazamento, ata as verdadeiras características do discurso, como é o caso dos tópicos, do estilo, da organización dos contidos ou dos actos de fala. Isto significa tamén que as devanditas elites teñen acceso especial á audiencia do discurso público e, xa que logo, a modelar e examina-lo estado de conciencia público.

O obxectivo deste artigo era enumera-los moitos niveis, dimensións e outras características da importante compoñente do acceso no poder e na súa reprodución. Aplicado ós recursos sociais cada vez máis relevantes do discurso, da comunicación e da información nas sociedades modernas post-industriais, o acceso preferente e o control do discurso parece manifestarse en case tódolos elementos do texto e do contexto. Quen pode falar, quen vai escoitar ou quen pode facelo, quen ten que escoitar a quen, quen pode sumarse a que actos de fala, quen pode iniciar ou concluír que temas ou tópicos, que estilo se lle permite a cada quen, e outras determinacións similares, son as moitas formas de control e acceso que se dan na reprodución discursiva do poder.

O «acceso» presentóusenos logo como unha noción complexa, que afecta a diferentes áreas, modos, graos e medidas do éxito comunicativo. O acceso ós medios, por exemplo, é máis do que o acceso ós xornalistas, e pode significar ou non acceso ás noticias, que, máis unha vez, non ten por que significar acceso á forma, estilo ou contidos precisos das noticias, e moito menos ter control sobre elas. En cada punto, cómprenos enumerar detalladamente os procesos de control ou contención, ou de influencia sobre as consciencias ou accións doutros. Defendín que cada xénero do discurso está enraizado nunha arañeira social de modelos de acceso: Quen (que grupos, que xente) controla que elementos do texto e do contexto do xénero. Por contra, podemos establece-lo nivel de acceso que teñen os diferentes individuos, institucións e grupos sociais ós diferentes xéneros do discurso, e deste xeito enumerar, de vez, o seu grao e alcance de poder simbólico na sociedade.

Finalmente, ilustrámo-los nosos argumentos amosando como os poderes e dominios étnicos e raciais nas sociedades occidentais tamén afectan ó acceso desigual ó discurso público, á súa distribución e ó seu control. Os grupos brancos dominantes e especialmente as súas elites teñen logo a facultade de defini-la situación étnica por medio da política, da burocracia, dos medios de masas e da educación —en primeiro lugar— e logo teñen o poder de usar tales definicións na xestión política e na lexitimación do discurso. Mantiven que os grupos minoritarios teñen pouco acceso ou ningún ós actos de comunicación cruciais dunha sociedade, e tamén non teñen acceso ós tópicos e temas, ó estilo ou ás audiencias necesarias para defini-la situación étnica e para crea-lo consenso

étnico. Os brancos falan e escriben *verbo das minorías* ou poden falar *por elas* ocasionalmente, pero as minorías están de seu excluídas das formas dominantes da fala. As elites brancas teñen que se asegurar de controlar polo miúdo os discursos públicos (da política, dos medios, da educación, etc.) e os tópicos e temas que de certo se adecúan á versión oficial da situación étnica, como por exemplo, unha autorepresentación positiva e unha representación negativa do outro. Vese con claridade nos tópicos ou temas discursivos que presentan a inmigración como unha «invasión» de crimes, drogas, violencia, disturbios, diferencias culturais estallas, e malas relacións étnicas en xeral. Como non teñen control da propiedade dos medios nin das iniciativas, produción, edición e distribución de case ningún dos discursos públicos nin doutras formas de comunicación non verbal (medios de masas, libros de texto, filmes), as minorías étnicas tamén teñen menos acceso á construción da súa propia representación na opinión pública.

Analizando os modelos de acceso, a análise crítica do discurso debe fornecer un marco de coñecemento máis amplo para a análise máis detallada do dominio exercido e lexitimado por medio do discurso. Tal análise permítenos liga-las habituais aproximacións parciais e de detalle quer lingüísticas, quer da psicoloxía e socioloxía, a unha descrición necesariamente máis estrutural do poder e do dominio dunhas formacións sociais sobre outras. De vez, obriga ás análises macro-sociolóxicas ou políticas a detallar moito máis de que maneiras específicas exercen o poder e o dominio os membros de grupos nas situacións concretas. Logo o poder, definido como control sobre a conciencia e as accións dos outros, require un tipo de análise que se ocupe de ambos e dous niveis e que estableza os vincallos que hai entre eles.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Altheide, D. (1985). *Media power*. Beverly Hills, CA: Sage. [1210]
- Altschull, J. H. (1984). *Agents of power: the role of the news media in human affairs*. New York: Longman.
- Anderson, D. A., Milner, J. W., & Galician, M. L. (1988). «How Editors View Legal Issues and the Rehnquist Court». *Journalism Quarterly*, 65, 294-298.
- Atkinson, J. M. (1984). *Our masters' voices. The language and body language of politics*. London: Methuen.
- Atkinson, J. M., & Drew, P. (1979). *Order in court. The organisation of verbal interaction in judicial settings*. London: Methuen.
- Atkinson, J. M., & Heritage, J. (Eds.). (1984). *Structures of social action*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Ben-Tovim, G., Gabriel, J., Law, I., & Stredder, K. (1986). *The local politics of race*. London: MacMillan.
- Boden, D., & Zimmerman, D. H. (Eds.). (1991). *Talk and social structure. Studies in ethnomethodology and conversation analysis*. Cambridge: Polity Press.
- Bostrom, R. N. (1983). *Persuasion*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice-Hall.
- Burton, F., & Carlen, P. (1979). *Official discourse. On discourse analysis, government publications, ideology and the state*. London: Routledge & Kegan Paul.
- Carbó, T. (1992). «Towards an interpretation of interruptions in Mexican parliamentary discourse (1920-60)». *Discourse & Society* 3, 25-26.
- Castles, S. (1984). *Here for good. Western Europe's New Ethnic Minorities*. London: Pluto Press.
- Chibnall, S. (1977). *Law-and-order news*. London: Tavistock. [12]

- Clegg, S. R. (1989). *Frameworks of power*. London: Sage.
- Connolly, W. E. (1983). *The terms of political discourse*. Princeton: Princeton University Press. [10][0170]
- Davis, K. (1988). *Power under the microscope. Toward a grounded theory of gender relations in medical encounters*. Dordrecht: Foris.
- Donaldson-Smitherman, G. & van Dijk, T. A. (Eds.). (1988). *Discourse and discrimination*. Detroit: Wayne State University Press.
- Dovidio, J. F., & Gaertner, S. L. (Eds.). (1986). *Prejudice, discrimination, and racism*. New York: Academic Press.
- Downing, J., Mohammadi, A., & Sreberny-Mohammadi, A. (Eds.). (1990). *Questioning the media: a critical introduction*. London: Sage.
- Eagly, A. H., & Chaiken, S. (1984). «Cognitive theories of persuasion». In L. Berkowitz (Ed.), *Advances in experimental social psychology*, Vol. 17. (pp. 267-359). New York: Academic Press.
- Edelman, M. J. (1977). *Political language: Words that succeed and policies that fail*. New York: Academic Press.
- Erickson, B., Lind, A. A., Johnson, B. C., & W. M. O'Barr. (1978). «Speech style and impression formation in a court setting: The effects of powerful and "powerless" speech». *Journal of Experimental Social Psychology* 14, 266-279.
- Essed, P. J. M. (1987). *Academic racism. Common sense in the social sciences*. Universiteit van Amsterdam: Centrum voor Etnische Studies. CRES Publications, No. 5.
- (1991). *Understanding Everyday Racism*. Newbury Park, CA: Sage.
- Fedler, F. (1973). «The media and minority groups: A study of adequacy of access». *Journalism Quarterly* 50, 1, 109-117.
- Fernandez, J.P. (1981). *Racism and Sexism in Corporate Life*. Lexington, Mass.: Lexington Books.
- Fisher, S., & Todd, A. D. (Eds.). (1986). *Discourse and institutional authority: medicine, education, and law*. Norwood, NJ: Ablex.
- Galtung, J., & Ruge, M. H. (1965). «The structure of foreign news». *Journal of Peace Research* 2, 64-91. Gans, H. (1979). *Deciding what's news*. New York: Pantheon Books.
- Ghorpade, S. (1984). «Sources and access: How foreign correspondents rate Washington, D. C.» *Journal of Communication*, 34(4), 32-40.
- Glasgow University Media Group. (1976). *Bad news*. London: Routledge & Degan Paul.
- (1980). *More bad news*. London: Routledge & Kegan Paul.
- (1982). *Really bad news*. London: Writers and Readers.
- Golding, P., & Elliott, P. (1979). *Making the news*. London: Longman.
- Golding, P., Murdock, G., & Schlesinger, P. (1986). *Communicating politics*. Leicester: Leicester University Press.
- Graber, D. A. (1980). *Crime news and the public*. New York: Praeger.
- (1989). *Mass media and American politics* (3rd ed.). Washington, DC: Congressional Quarterly Press.
- Gramsci, A. (1971). *Prison notebooks*. New York: International Publishers.
- Hariman, R. (Ed.). (1990). *Popular trials: rhetoric, mass media, and the law*. University of Ala. Press. Hartmann, P., & Husband, C. (1974). *Racism and the mass media*. London: Davis-Poynter.
- Hujanen, T. (Ed.). (1984). *The role of information in the realization of the human rights of migrant workers*. Report of International Conference. Tampere (Finland). University of Tampere: Dept. of Journalism and Mass Communication.
- Jaynes, G. D., & Williams, R. M. (Eds.). (1989). *A Common Destiny: Blacks and American Society*. Washington, DC: National Academy Press.
- Jenkins, R. (1986). *Racism and recruitment. Managers, organisations and equal opportunity in the Labour market*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Johnson, K. A. (1987). *Media images of Boston's Black community*. Boston, MA: University of Massachusetts: William Monroe Trotter Institute. Research Report.
- Katz, P. A., & Taylor, D. A. (Eds.). (1988). *Society for the Psychological Study of Social Issues Eliminating racism: profiles in controversy*. New York: Plenum Press.

- Kedar, L. (Ed.). (1987). *Power through discourse*. Norwood, NJ: Ablex.
- Kramarae, C., Schulz, M., & O'Barr, W. M. (Eds.). (1984). *Language and power*. Beverly Hills, CA: Sage.
- Lichter, S. R., Rothman, S., & Lichter, L. (1990). *The media elite. America's new powerbrokers*. New York: Hastings House.
- Lukes, S. (1974). *Power: A Radical View*. London: MacMillan.
- Lukes, S. (Ed.). (1986). *Power*. Oxford: Blackwell.
- Marable, M. (1984). *Race, reform and rebellion: the second Reconstruction in black America, 1945-1982*. London: Macmillan.
- (1985). *Black American Politics*. London: Verso.
- Martindale, C. (1986). *The white press and black America*. New York: Greenwood Press.
- Mazingo, S. (1988). «Minorities and social control in the newsroom: Thirty years after Breed». In G. Smitherman-Donaldson, & T. A. van Dijk (Eds.), *Discourse and Discrimination*, 93-130. Detroit, MI: Wayne State University Press.
- Mehan, H. (1979). *Learning lessons: Social organization in the classroom*. Cambridge, Ma: Harvard University Press.
- Miles, R. (1989). *Racism*. London: Routledge.
- Mishler, E. G. (1984). *The discourse of medicine. Dialectics in medical interviews*. Norwood, NJ: Ablex.
- O'Barr, W. M. (1982). *Linguistic Evidence: Language Power and Strategy in the Courtroom*. New York: Academic Press.
- Paletz, D. L., & Entman, R. M. (1981). *Media, power, politics*. New York: Free Press.
- Rowland, R. C., & Payne, R. A. (1987). «The effectiveness of Reagan's "Star Wars" address». *Political Communication and Persuasion*, 4, 161-178.
- Seiden, M. H. (1991). *Access to the American mind: the impact of the new mass media*. Shapolsky.
- Shuy, R. W. (1987). «Conversational power» in FBI covert tape recordings. In L. Kedar (Ed.), *Power through discourse*. (pp. 43-56). Norwood, NJ: Ablex.
- Sinclair, J. M., & Brazil, D. (1982). *Teacher talk*. Oxford: Oxford University Press.
- Solomos, J. (1989). *Race and racism in contemporary Britain*. London: MacMillan.
- Stuckey, M. E. (1990). *Playing the game: the presidential rhetoric of Ronald Reagan*. New York: Praeger.
- Tuchman, G. (1978). *Making news: A study in the construction of reality*. New York: Free Press.
- Van Dijk, T. A. (1984). *Prejudice in discourse*. Amsterdam: Benjamins.
- (1987). *Communicating racism*. Newbury Park, CA: Sage.
- (1988). *News as Discourse*. Hillsdale, NJ: Erlbaum.
- (1989). «Structures of discourse and structures of power». In J. A. Anderson (Ed.), *Communication Yearbook* 12 pp. 18-59. Newbury Park, CA: Sage.
- (1990). «Social cognition and discourse». In: H. Giles, & R. P. Robinson (Eds.), *Handbook of social psychology and language*, pp. 163-183. Chichester: Wiley.
- (1991). *Racism and the press*. London: Routledge.
- (1993). *Elite discourse and racism*. Newbury Park, CA: Sage.
- Van Dijk, T. A. & Kintsch, W. (1983). *Strategies of discourse comprehension*. New York: Academic Press.
- Watts, R. J. (1991). *Power in family discourse*. Berlin: Mouton de Gruyter.
- West, C. (1984). *Routine complications. Troubles with talk between doctors and patients*. Bloomington, IN: Indiana University Press.
- Wilson, J. (1990). *Politically speaking*. Cambridge: Blackwell.
- Wilson, C. C., & Gutiérrez, F., (1985). *Minorities and the media*. Beverly Hills, Ca., & London: Sage Publications.
- Wodak, R. (1985). «The interaction between judge and defendant». In: T. A. Van Dijk (Ed.), *Handbook of Discourse analysis*. Vol. 4. *Discourse analysis in society* (pp. 181-191). London: Academic Press.
- Wodak, R. (Ed.). (1989). *Language, power and ideology*. Amsterdam: Benjamins.
- Wrong, D. H. (1979). *Power: Its forms, vases and uses*. Oxford: Blackwell.